



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

ACTA Nº 7	PLENO DO CONCELLO	
DATA DA SESIÓN: 25.06.2015	CARACTER: EXTRAORDINARIA	CONVOCATORIA: PRIMEIRA
LUGAR: SALÓN DE PLENOS	HORA: 09:00 HORAS	

PRESIDE: D. ANTONIO LOMBA BAZ - ALCALDE

ASISTENTES:

D ^a . M ^a MONTSERRAT MAGALLANES ALVAREZ	PsdeG-PSOE
D. MIGUEL A. ESPAÑOL OTERO	PsdeG-PSOE
D ^a . ELENA BAZ RODRIGUEZ	PsdeG-PSOE
D. MANUEL JAVIER CRESPO GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a TERESA VICENTE BAZ	PsdeG-PSOE
D. PAULINO RODRÍGUEZ GONZALEZ	PsdeG-PSOE
D ^a . M ^a DE LA CONCEPCIÓN ORTEGA MARTINEZ	PP
D. JOSÉ CARLOS CASTRO MARTINEZ	PP
D. ROBERTO JOSÉ ALVAREZ CARRERO	PP
D ^a . ELENA ACEVEDO ROLÁN	PP
D. OSCAR ALONSO ALVAREZ	PP
D. ANGEL LUIS BAZ VICENTE	BNG
D. XAN LOIS LOMBA ALONSO	BNG
D ^a . M ^a MERCEDES MARTINEZ VAZQUEZ	BNG
D. CELSO J. RODRIGUEZ FARIÑAS	CG
D ^a . M ^a DE FÁTIMA IGLESIAS FERREIRA	CCD

JOSE CARLOS MARTINEZ CRESPO	SECRETARIO ACCTAL.
ANA LLORCA MANEIRO	INTEVENTORA XERAL

Sendo a hora sinalada, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes:

PUNTO 1.- DAR CONTA DO DECRETO DE DELEGACIÓN DA ALCALDÍA 439/2015

O sr. Alcalde da conta do Decreto de Alcaldía nº 439/2015 de data 19 de xuño de 2015 polo cal delegou as funcións e atribucións da Alcaldía no 1º Teniente de Alcalde D. Miguel A. Español Otero dende o 22 ó 24 de xuño debido a súa ausencia por asuntos persoais, do que o Pleno da Corporación se da por enterado.

PUNTO 2.- DAR CONTA DA COMPOSICIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS E DESIGNACIÓN DOS SEUS PORTAVOCES

O Sr. Alcalde, vistos os escritos presentados polos sres. Concelleiros así como o informe de secretaría de data 18 de xuño de 2015, da conta da seguinte composición dos grupos políticos municipais:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

GRUPO MUNICIPAL DO PsdeG-PSOE (7 MEMBROS)

D. Antonio Lomba Baz
Dna. M^a Montserrat Magallanes Alvarez
D. Miguel A. Español Otero (Portavoz)
Dna. Elena Baz Rodriguez
D. Manuel Javier Crespo González
Dna. Teresa Vicente Baz
D. Paulino Rodríguez González

Establecen como suplentes do voceiro a todos os demais integrantes.

GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (5 MEMBROS)

Dna. M^a Concepción Ortega Martinez (portavoz)
D. José Carlos Castro Martinez
D. Roberto José Alvarez Carrero (portavoz suplente)
Dna. Elena Acevedo Rolán
D. Oscar Alonso Alvarez (portavoz suplentes)

GRUPO MUNICIPAL DO BNG (3 MEMBROS)

D. Angel Luis Baz Vicente (portavoz)
D. Xan Lois Lomba Alonso (portavoz suplente)
Dna- M^a Mercedes Martinez Vazquez (portavoz suplente)

GRUPO MIXTO (2 MEMBROS)

D. Celso J. Rodríguez Fariñas .- Convergencia Galega
Dna. M^a de Fátima Iglesias Ferreira.- Ciudadanos de Centro Democrático

Ábrese o debate:

A Sra. Iglesias Ferreira manifesta en primeiro lugar que se da por enterada do punto número 1 e en segundo lugar que o documento que acaba de ler non o tiñan os concelleiros ata este momento que lles foi entregado, xa que o que eles tiñan non sinalaba os portavoces. Solicita a formación do seu grupo propio como concelleira de Ciudadanos de Centro Democrático amparándose en primeiro lugar nos antecedentes deste Concello, que lle outorgaba grupo propio as formacións políticas que obtiñan un só concelleiro, e en segundo lugar na lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local que modifica a Lei 7/1985 reguladora de Bases de Réxime Local. Sinala que o feito de ter grupo propio supón maior transparencia e máis igualdade ante os órganos do Concello xa que non se pode deixar sen representación nas comisións informativas e no Padroado Municipal de Santa Trega a unha formación política que obtivo representación nas eleccións locais. Pide igualdade e respecto ós votantes.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

O sr. Rodriguez Fariñas sinala que acaba de presentar por rexistro unha instancia para constituirse como grupo propio amparándose tamén na Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local. Pide "sentidiño" xa que nos concellos próximos diferentes concelleiros de varios os grupos van pedir a constitución de grupos políticos propios amparándose nesta Lei que é estatal e, polo tanto, de rango superior á lei autonómica na que se fundamenta esta "cachambada" do grupo mixto. Sinala que el vaise presentar en todas as comisións informativas e nas reunións do Padroado porque esta composición dos grupos é unha "chapuzada" que cre que se trata do pago dun favor polo apoio nun dos puntos que siguen a continuación. Pide que se apliquen os principios de transparencia e igualdade que se propugnan fóra deste Concello e que se respeten ós cidadáns. Para rematar indica que vai manter a composición de grupo propio e quen teña que decirlle o contrario que llo diga por escrito, pero el vai falar sempre en representación do grupo político polo que foi elixido que é Convergencia Galega.

O sr. Español Otero di que o grupo de goberno ten pouco que dicir ó respecto, que non existe ningunha intencionalidade oculta e que simplemente se ciñen ó informe de secretaría e á Lei, e que se non están de acordo con esta composición poden presentar os recursos que consideren oportunos.

A sra. Iglesias Ferreira di que a Lei na que se basea este informe é do ano 1997 e polo tanto se está recoñecendo implicitamente que se está incumprindo dita Lei dende entón. Engade que a Lei 57/2003 lles ampara e non recolle ó grupo mixto; considera que se está admitindo que estaban facendo as cousas mal e indica que vai reclamar por esta razón.

O Sr. Rodriguez Fariñas manifesta que ningunha lei autonómica pode estar por enriba da lei estatal e que a Lei 5/1997, de administración Local de Galicia está derogada. Indica que a Lei 57/2003, foi levada ó parlamento polo Sr. Rodriguez Zapatero para resolver unha situación concreta noutra comunidade .

O sr. Español Otero le textualmente o artigo 74 da Lei 5/1997 e explica que por enriba das intervencións "grandilocuentes" dos concelleiros está a lei e polo tanto van a seguir respetando o informe de Secretaría. Non obstante, os concelleiros do grupo mixto poden presentar os recursos que consideren pertinentes; no caso de que estes recursos cheguen a bo porto modificárase esta composición, pero mentras tanto terase por válida a mesma.

O sr. Alcalde sinala que se farán as consultas necesarias para determinar a legalidade desta composición e, dirixíndose á Sra. Iglesias Ferreira, lle manifesta que se as cousas se fixeron mal, o máis adecuado é modificalas para facelas ben.

O Pleno na corporación dase por enterado deste punto.

PUNTO 3.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE FIXACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO DA CORPORACIÓN.

O Sr. Alcalde da conta da seguinte proposta:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

"De conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora de Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 38 e 78 do ROF, propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte réxime de sesións ordinarias:

As sesións ordinarias da Corporación se celebrarán cada dous meses, nos meses impares (xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro), e desenvolveranse o último venres de cada un dos meses sinalados, as 20.00 (vinte) horas.

Se a citada data fora inhábil o Pleno tería lugar o venres seguinte hábil á mesma hora.

En A Guarda, a 19 de xuño 2015.

O ALCALDE,

Asdo. Antonio Lomba Baz"

ABRESE O DEBATE:

A Sra. Iglesias Ferreira sinala que esta proposta incumpre o regulamento orgánico do Pleno do Concello no que respecta a celebración das sesións se o último venres de mes é inhábil.

O sr. Baz Vicente di que se van a abster.

A sra. Ortega Martínez manifesta a súa preferencia polos plenos mensuais para evitar os plenos extraordinarios na medida do posible.

O sr. Alcalde sinala que esta é a mesma proposta que se fixo a lexislatura anterior pero se ahí algo que está mal modificarase.

A sra. Iglesias Ferreira indica que o regulamento orgánico do Pleno establece que se o día fixado para a celebración do pleno é festivo a sesión trasladarase ó día solto inmediatamente posterior.

O sr. Alcalde indica que se modifica a proposta incluíndo esta corrección de tal xeito que queda redactada do seguinte xeito:

De conformidade co establecido no artigo 46 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora de Bases de Réxime Local, en relación cos artigos 38 e 78 do ROF, propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte réxime de sesións ordinarias:

As sesións ordinarias da Corporación se celebrarán cada dous meses, nos meses impares (xaneiro, marzo, maio, xullo, setembro e novembro), e desenvolveranse o último venres de cada un dos meses sinalados, as 20.00 (vinte) horas.

Se a citada data fora inhábil o Pleno tería lugar o día solto inmediatamente posterior.

Sometida a votación a proposta modificada foi aprobada co seguinte resultado:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González e Rodríguez Fariñas (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Ortega Martinez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martínez Vazquez e Iglesias Ferreira (nove abstencións).

PUNTO 4.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RETRIBUCIÓNS POR DEDICACIÓNS EXCLUSIVAS E PARCIAIS.

O sr. Alcalde da lectura á seguinte proposta:

“Examinado o procedemento incoado para sinalar as retribucións e indemnizacións ós membros deste Corporación, con base no preceptuado no Art. 75 da LBRL e 13 do ROF, estudias as características particulares deste Concello, formulase a seguinte proposta:

PRIMEIRO.- *Aproba-la seguinte relación de membros da Corporación que desempeñaran o seu cargo en réxime de dedicación exclusiva e coa contía que se indica:*

- O Alcalde-Presidente, cunha retribución anual bruta de 48.000,00 €.
- O 1º Tenente-Alcalde, e concelleiro de Vías e Obras, Emerxencias e Seguimento de Proxectos, cunha retribución anual bruta de 35.000,00 €.

Estas retribucións faceranse efectivas, no seu caso, a partires da data de aprobación desta proposta polo Pleno da Corporación.

As citadas retribucións experimentaran cada ano o incremento que dispoña a lexislación do Estado e a Corporación de A Guarda recoñeza con carácter xeral os funcionarios e persoal laboral ó servicio da Administración Local de A Guarda.

De conformidade coa lexislación vixente, os cargos que se exerzan con dedicación exclusiva serán incompatibles con calquera outra retribución con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, organismos e empresas delas dependentes.

Os cargos con dedicación exclusiva serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello as cotas que se impoñen as Empresas en relación cos traballadores ó seu servicio (cota empresarial).

SEGUNDO.- *Aproba-la seguinte relación de membros da Corporación que desempeñaran o seu cargo en réxime de dedicación parcial e coa contía que se indica:*

- 2º Teniente-Alcalde e Concelleira de Facenda, Desenvolvemento económico e Persoal, cunha retribución anual bruta de 22.000,00 €.
- A Concelleira delegada de Cultura, Educación e Xuventude, cunha retribución anual bruta de 15.000,00 €.

Estas retribucións faceranse efectivas no seu caso, a partires da data de aprobación desta proposta polo Pleno da Corporación.

As citadas retribucións experimentaran cada ano o incremento que dispoña a lexislación do Estado e a Corporación de A Guarda recoñeza con carácter xeral os funcionarios e persoal laboral ó servicio da Administración Local de A Guarda.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Os cargos con dedicación parcial serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello as cotas que se imponen as Empresas en relación cos traballadores ó seu servizo (cota empresarial). O réxime de dedicación mínima necesaria na dedicación parcial será de dezasete horas e media semanais.

TERCEIRO.- *Publicar, en cumprimento do artigo 75.5 da Lei de Bases de Réxime Local, o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na Páxina Web Municipal*

En A Guarda, a 19 de xuño de 2015.

O ALCALDE,

Asdo. Antonio Lomba Baz"

ÁBRESE O DEBATE:

A sra. Iglesias Ferreira manifesta que vai votar en contra e que lle parece un despropósito e unha falta de respecto ós veciños da Guarda xa que non é momento de subirse o soldo, máis se cabe logo de perder ó apoio de 700 votantes e lonxe de darlle un goberno estable a este Concello. Di que se comprometería a aprobar os soldos se se manteñen as dedicacións do último mes da lexislatura anterior, se se conxelan os salarios anteriores e se se conxelan as retribucións por asistencias a plenos e comisións. Recórdalle ó Sr. Alcalde as súas palabras relativas ó seu compromiso cos seus alumnos para rematar o curso e preguntalle se non ten compromiso cos guardeses. Pídelle que dedique o importe do aumento dos gastos que propón a medidas de emerxencia social, a inversións e a outras necesidades dos veciños.

O sr. Rodríguez Fariñas di que comparte o criterio da Sra. Iglesias Ferreira e que vai votar en contra.

O sr. Baz Vicente manifesta textualmente: "Sorprende que o grupo de goberno veña a este pleno a buscar o aprobación, concretamente do BNG, cando foron incapaces de sentarse a negociar absolutamente nada, polo que o BNG vai votar en contra. Para iso quero argumentar polo miúdo a nosa posición para que logo non queden dúbidas.

Primeiramente, sorprende a cantidade que se pretende aprobar aquí supera amplamente as do anterior grupo de goberno que practicamente ven sendo o mesmo (114.000 € pola proposta de 120.000 €), tanto en número como a formación política que o sustenta, e dende logo que supera máis aínda aquela proposta que puxo enriba da mesa o BNG. Algo que non vemos xustificación por ningunha parte. Pero, imos falar do fundamental que é o por que destas retribucións. Non entendemos como se pode vir aquí con esta proposta cando non hai un proxecto político que o sustente. Falaron de que ían facer unha política continuísta para o que temos claro que non se necesitan estas retribucións e dende logo que tampouco o apoio do BNG. Somos unha formación política que pretende transformar este concello e non vemos ese proxecto por ningures.

O señor alcalde falou no discurso de investidura de apoio aos sectores como o comercio, turismo, de emprego, etc... e resulta que o tempo adicado para todo isto non merece máis que media dedicación. Mentres que vías e obras ten unha completa, sen contar que Cultura, Educación e Xuventude que nos anteriores gobernos formados por vostedes non tiñan dedicación algunha se lle asigna unha parcial, que ocorre agora si o merece? Se falamos dun dos problemas máis



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

importantes que ten neste momento a Guarda como é o tráfico, non que non fixeron absolutamente nada nos anos anteriores, tiña media dedicación e agora resulta que xa non goza de tal privilexio, é que xa non é tan importante? (iso si para facer o que fixeron case mellor quitala).

Con isto queremos poñer de manifesto que estas asignacións obedecen máis a cuestións persoais que a un proxecto político serio no que a busca da saída da crise, a atención daquelas persoas que peor o están a pasar sexa un dos piares do goberno municipal, como tería sido no caso do BNG.

Polo tanto, como dixen no inicio o **BNG vai votar en contra.**"

A sra. Ortega Martinez di que non vai votar a favor porque non lle parece momento para a subida dos soldos aínda que hai que valorar se son merecidos. Pon o exemplo dunha alcaldesa do seu partido que aínda que ten un solo similar a este que se propón aquí, conseguíu inversións por un valor superior a dez millóns de euros. Sinala tamén que non van a aprobala porque no seu programa levaban unha baixada dos soldos. Esta proposta é do PSOE e non se sinten responsables da mesma e di que hai que ver dentro de catro anos se estes soldos son merecidos. Di que tampouco van votar en contra xa que están dentro da legalidade e que ademais quere evitar a ingobernabilidade e poñerse a consensuar asuntos prioritarios inmediatamente. Sinala que se van a abster.

O sr. Español Otero agradece o tono do Partido Popular aínda que non comparte o fondo. Sinala que o Grupo Municipal Socialista negociou e que o goberno en minoría é lexítimo. Fai referencia os papeis do BNG que aparecen pegados polo municipio e di que é responsabilidade do Grupo Municipal Socialista formar un goberno e que neso están. Engade que algúns portavoces non están lexitimados para criticar a política do seu grupo porque non teñen propostas alternativas.

Neste momento o sr. Español Otero é interrompido por unha persoa do público que é chamada ó orde continuando a sesión.

Di que pretenden iniciar unha lexislatura estable cun salarios que consideran xustos que están por debaixo da media dos soldos dos concellos do arredor. Dirixese ó portavoz do BNG recordándolle que debe fixarse o que se fai noutro concello cercano da súa mesma cor política. Dirixese á Sra. Iglesias Ferreira para preguntar polo tempo que estivo desempeñando o cargo de deputada autonómica e polo seu soldo de entón, recordándolle que naquel entón cobraba como "aprendiz de parlamentaria" o dobre co alcalde do Concello da Guarda. Di que consideran os salarios xustos e que serán os veciños quenes o xulguen. Volve referirse á pegada de carteis que emporcan o pobo e pide que a crítica política se realice doutro xeito. Remata dicindo que a súa proposta de soldos se ciñe a lei, que está por debaixo da metade do que este Concello ten atribuído legalmente.

A sra. Iglesias Ferreira di que se está a facer demagogia e que hai que demostrar o que se di. Respostalle ó Sr. Español Otero que as cifras que deu respecto o tempo que estivo como parlamentaria e o seu soldo son falsas. Dirixese á Sra. Ortega Martinez para dicirlle que a proposta dos soldos é socialista pero a responsabilidade tamén é de quen a apoia, porque coa súa abstención está apoiando a proposta. Pide que non se faga comparativa con outros concellos. Di que



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

hai diñeiro doutras administracións para dedicar a inversións que se están dedicando a gasto corrente.

O sr. Rodríguez Fariñas quere rectificar ó sr. Español Otero xa que este se dirixe á Sra. Iglesias Ferreira como portavoz do grupo mixto cando eso non é certo, di que esa expresión está fora de lugar. Di que el apostaba por un apoio do Partido Popular no que respecta os soldos e que o próximo paso vai ser o apoio para aprobar o Plan Xeral con todos os erros que leva acumulados. Os concelleiros do Partido Popular son responsables da aprobación desta proposta e a súa portavoz acaba de dar un exemplo de demagogia. Di que os concelleiros do Partido Popular van cambiar nesta legislatura e que se lle "pasara a pelota" ós que veñan. Pregúntalle á portavoz do Partido Popular se cando faga o control da mesa de turismo que ela propugna vaille baixar o soldo os concelleiros se este non é satisfactorio. Remata dicindo que, vista a súa intervención, entende que houbera problemas dentro da súa formación.

O sr. Baz Vicente aclara que cando falaba dos criterios que se utilizaban para fixar os soldos dicía que os criterios persoais estaban por enriba doutros. Respecto do feísmo di que o que realmente é feo é ver carteis que din "gobernar para a maioría" e que logo ese discurso non se leva a cabo. Recorda que a maioría quixo que cambiaran os hábitos e as conductas. Continua dicindo que feísmo é continuar coa política continuista e remata manifestando que cando colocan carteis tamén saben retiralos.

A sra. Ortega Martínez di que parece que a que goberna é ela. Engade que non hai un pacto, simplemente hai gañas de consensuar aqueles temas beneficiosos para o pobo e que non vai contribuir a esa imaxe de políticos "tirándose trastos á cabeza". Sinala que está actuando con responsabilidade e convida ó BNG a chegar a acordos e deixar a belixerancia. Remata falando das necesidades da Guarda e pide respecto a súa opinión.

O sr. Español Otero sinala respecto do que se fala do Plan Xeral, que oxalá se chegue a un acordo para a aprobación do PXOU. Explica que moitos dos presentes no Pleno teñen responsabilidades respecto do problema das 21 licenzas pero que un dos que menos responsabilidades tiña foi o Sr. Domínguez Freitas e en cambio foi o que tivo maiores consecuencias. Recorda que as licenzas que outorgou o Sr. Domínguez Freitas foron durante o goberno bipartito co BNG. Di que xa se pagaron moitos cuartos por este tema e que aínda queda moito que pagar, non obstante hai unha vía de solución que pasa pola aprobación do Plan Xeral e para eso é necesario o consenso.

O Sr. Rodríguez Fariñas fala da empatía entre o PP e o PSOE e lle sorprende porque o PP non ten nin idea do Plan Xeral. Recórdalle á portavoz do PP que a aposta pola creación do emprego tamén se demostra na empresa privada aludindo a política levada a cabo por esta na contratación de man de obra extranxeira e deixando sin emprego a veciños. Di que é necesario consensuar un Plan Xeral pero que sexa bo, e non o actual.

O sr. Lomba Alonso reclámalle ó alcalde o mesmo trato respecto ás chamadas de atención os concelleiros. Sinala que o portavoz do BNG non é un maleducado e pide respecto as intervencións do seu grupo por parte do equipo de goberno.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

Sometida a votación a proposta, esta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo González, Vicente Baz e Rodríguez González (sete votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres. Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez, Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (cinco votos en contra)

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Ortega Martinez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Alvarez (cinco abstencións).

PUNTO 5.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE INDEMNIZACIÓNS POR ASISTENCIAS A SESIÓNS DO RESTO DOS MEMBROS DESTE CONCELLO.

O Sr. Alcalde da lectura á seguinte proposta:

Examinado o procedemento incoado para sinalar as retribucións e indemnizacións ós membros deste Corporación, con base no preceptuado no Art. 75 da LBRL e 13 do ROF, estudias as características peculiares deste Concello, formulase a seguinte proposta :

PRIMEIRO.- *As contías que percibiran os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva nin parcial por asistencias a órganos colexiados serán as seguintes :*

- a) *Por asistencia a Sesións Ordinarias e Extraordinarias do Pleno da Corporación: 125,00 euros.*
- b) *Por asistencia a Sesións da Xunta de Goberno Local : 100,00 euros.*
- c) *Por asistencia a Comisións Informativas (Contas, Urbanismo e Asuntos Plenarios: 100,00 euros*

Estas contías seguiran facéndose efectivas como se viña facendo na actualidade:

1.-Distribución das contías asignadas por asistencia efectiva a cada un dos órganos municipais colexiados proporcionalmente ó número de puntos do orde do día da respectiva convocatoria.

2.- Atribuir a cada un dos corporativos a contía correspondente por asistencia ás sesións, en proporción ó número de puntos nos que se atope presente. Enténdese que se está presente nun punto do orde do día cando a presenza se extenda á dación de contas, debate e votación do mesmo.

3.- Poderá exonerarse desta norma ós componentes do órgano colexiado respectivo cando se dean circunstancias graves ou excepcionais que xustifiquen a súa saída da sesión. Estas circunstancias deberán ser valoradas individualmente para cada caso polo órgano colexiado no que se produzan, e deberán ser aprobadas polo mesmo.

4.- Manter as mesmas condicións en relación co modo de pagamento das asistencias, é dicir, semestralmente.

SEGUNDO.- *Polas comisións de servizo, percibiranse dietas e gastos de desprazamento, de conformidade co disposto no RD 462/2002 e as disposicións que o completen modifiquen ou substitúan. Nos supostos de circulación por autopista de peaxe indemnizarase o importe pagado, contra a presentación dos xustificantes correspondentes.*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

TERCEIRO.- *Publicar, en cumprimento do artigo 75.5 da Lei de Bases de Réxime Local, o presente acordo no Boletín Oficial da Provincia e na Páxina Web Municipal*

En A Guarda, a 19 de xuño 2015.

O ALCALDE,

Asdo.: Antonio Lomba Baz

ABRESE O DEBATE:

A Sra. Iglesias Ferreira da conta do importe das subidas destas indemnizacións respecto da última lexislatura e recórdalle ó Alcalde que non escoitou a ningún concelleiro de ningún grupo propoñer esta subida. Non pode alegar que se adecuan estas cantidades ó que se paga noutros concellos e pon como exemplo o Concello de Tomiño onde as indemnizacións por asistencias a plenos é superior pero só se pagan os plenos ordinarios. Por esta razón non van a apoiar esta proposta.

O Sr. Baz Vicente sinala que van votar en contra aínda que entenden que os concelleiros deben cobrar polo seu traballo sin entrar a valorar o tempo que dura cada pleno ou comisión. Di que simplemente non lles parece o momento de levar a cabo esta subida.

A sra. Ortega Martinez di que se van abster porque non lles parece que cobrar 125 euros cada dous meses sexa moito para o traballo que se desenvolve cando menos no seu grupo. Pero tampouco lles parece momento de incrementar as indemnizacións.

Sometida a votación a proposta, esta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo González, Vicente Baz e Rodríguez González (sete votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres. Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez e Iglesias Ferreira (catro votos en contra)

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Ortega Martinez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Alvarez (cinco abstencións).

O sr. Rodriguez Fariñas non vota aínda que a efectos do reconto asimíllase a unha abstención.

PUNTO 6.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE CREACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.

O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta:

De conformidade co establecido no Art. 123 e ss., 127 e 134 do ROF e Art. 66 ,67 e 68 da Lei de Administración Local de Galicia, propónse o Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo :



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

PRIMEIRO: *Crear a Comisión Especial de Contas e Asuntos Económicos, que terá por finalidade o exame, o estudio e informe da Conta Xeral e demais contas anuais, así como os asuntos relativos a economía e facenda do Concello, de conformidade co establecido na lexislación reguladora das entidades Locais.*

A composición da devandita comisión, farase na forma establecida nos Art. 66.2 e 68 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, estando integrada por todos os grupos políticos do concello, en numero proporcional a súa representatividade, sendo a súa composición a seguinte:

- Presidente o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.
- PS de G-PSOE: 3 membros.
- PP: 3 membros.
- BNG: 2 membros.
- GRUPO MIXTO: 1 membro.

A designación dos membros desta Comisión terá que realizarse por escrito ante esta Alcaldía, polo portavoz do correspondente grupo político, designándose igualmente os respectivos suplentes.

As reunións desta Comisión serán ordinarias, aquelas que se celebren para dictaminar os asuntos dos Plenos ordinarios, sendo extraordinarias e, no seu caso urxentes, as demais.

SEGUNDO : *Crear a Comisión Informativa de Asuntos Plenarios, que terá por finalidade o estudio e dictame dos asuntos que deban someterse a decisión do Pleno ou da Comisión de Goberno cando actúe por delegación deste. Así mesmo, poderán intervir en relación cos asuntos que deban someterse á Xunta de Goberno Local cando este órgano lles solicite dictame.*

A composición da devandita comisión, farase na forma establecida nos Art. 68 e 66.2 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, estando integrada por todos os grupos políticos do concello, en numero proporcional a súa representatividade, sendo a súa composición a seguinte:

- Presidente o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.
- PS de G-PSOE: 3 membros.
- PP: 3 membros.
- BNG: 2 membros.
- GRUPO MIXTO: 1 membro.

A designación dos membros desta Comisión terá que realizarse por escrito ante esta Alcaldía, polo portavoz do correspondente grupo político, designándose igualmente os respectivos suplentes.

As reunións desta Comisión serán ordinarias, aquelas que se celebren para dictaminar os asuntos dos Plenos ordinarios, sendo extraordinarias e, no seu caso urxentes, as demais.

TERCEIRO: *Crear a Comisión Informativa de Urbanismo, que terá por finalidade o estudio, informe e consulta de tódolos aqueles asuntos urbanísticos que decida o Pleno,*



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

tales como instrumentos de planeamento, así como aqueles que decida a Comisión de Goberno, como obras maiores e obras de infraestrutura .

A composición da devandita comisión, farase na forma establecida nos Art.68 e 66.2 da Lei 5/97, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, estando integrada por todos os grupos políticos do concello, en numero proporcional a súa representatividade, sendo a súa composición a seguinte:

- *Presidente o Alcalde ou concelleiro en quen delegue.*
- *PS de G-PSOE: 3 membros.*
- *PP: 3 membros.*
- *BNG: 2 membro.*
- *GRUPO MIXTO: 1 membro.*

A designación dos membros desta Comisión terá que realizarse por escrito ante esta Alcaldía, polo portavoz do correspondente grupo político, designándose igualmente os respectivos suplentes.

As reunións desta Comisión serán ordinarias aquelas que se celebren para dictaminar los asuntos dos Plenos ordinarios, sendo extraordinarias e, no seu caso urxentes, as demais.

En A Guarda, a 19 de xuño 2015.
O ALCALDE

Asdo. Antonio Lomba Baz

ÁBRESE O DEBATE:

A sra. Iglesias Ferreira di que vai votar en contra polas mesmas razóns que espuxo no punto de composición dos grupos políticos. Non está de acordo coa composición do grupo mixto xa que se coarta a pluralidade e representatividade popular. Ademais considera que as comisións deberían ter menos representantes.

Sometida a votación a proposta, esta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martinez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Alvarez (doce votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sra. Iglesias Ferreira (un voto en contra)

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Baz Vicente, Lomba Alonso e Martinez Vazquez (tres abstencións).

O sr. Rodriguez Fariñas non vota aínda que a efectos do recuento asimílese a unha abstención.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**PUNTO 7.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A DESIGNACIÓN DOS
CONCELLEIROS PARA FORMAR PARTE DO PADROADO MUNICIPAL DE
SANTA TREGA**

O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta:

De conformidade cos estatutos do Padroado Municipal do Monte Santa Trega, e constituídos os respectivos grupos políticos deste Concello, corresponde a cada un dos grupos nomear ós seus representantes no citado Padroado, sendo a distribución dos mesmos a que de seguido se cita, formando parte en todo caso e como Presidente do citado Padroado, o Sr. Alcalde do Concello:

- Polo GMS : un representante.
- Polo PP: un representante.
- Polo BNG : un representante.
- Polo Grupo Mixto:: un representante.

A designación de cada un dos representantes dos grupos políticos, deberá realizarse por escrito ante esta Alcaldía polo portavoz do correspondente grupo político, designándose igualmente os respectivos suplentes.

*En A Guarda, a 19 de xuño de 2015.
O ALCALDE,*

Asdo. Antonio Lomba Baz

ABRESE O DEBATE:

O sr. Rodriguez Fariñas di que os estatutos que aínda están vixentes teñen demasiadas eivas e os actuais aínda non están aprobados. Pide que se reflexione sobre o feito de que algúns representantes elixidos polos cidadáns non van a estar representados no Padroado e en cambio outros van formar parte do mesmo sin ser elixidos por ninguén. Pon exemplo do cura de Camposancos, dun membro da Deputación e un membro da Xunta de Galicia. Vai votar en contra.

Sometida a votación a proposta, esta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo González, Vicente Baz, Rodríguez González, Ortega Martinez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Alvarez (doce votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sra. Iglesias Ferreira e Rodriguez Fariñas (dous votos en contra)

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Baz Vicente, Lomba Alonso e Martinez Vazquez (tres abstencións).



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

**PUNTO 8.- PROPOSTA DA ALCALDÍA RELATIVA A DESIGNACIÓN DE
CONCELLEIROS PARA FORMAR PARTE DA MANCOMUNIDADE
INTERMUNICIPAL DO BAIXO MIÑO.**

O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta:

De conformidade co establecido nos Art. 5 ó 10 dos Estatutos da Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño, que rexen o funcionamento da Xunta de Goberno da mesma, corresponde o Concello de A Guarda nomear un concelleiro desta Corporación e o seu correspondente suplente, que xunto co Alcalde represente ó Concello de A Guarda na citada Mancomunidade, facendo constar que como suplente da Alcaldía e de conformidade cos estatutos, actuará a 2ª Tenente Alcalde, Dª. Montserrat Magallanes Alvarez.

Polo que propono ó Pleno da Corporación designar como representante do Concello de A Guarda na Mancomunidade Intermunicipal do Baixo Miño a D. Miguel A. Español Otero, e como suplente o concelleiro D. Paulino Rodríguez González.

En A Guarda, a 19 de xuño 2015.

O ALCALDE,

Asdo. Antonio Lomba Baz

ABRESE O DEBATE:

A sra. Ortega Martinez pide que se lles dea información os demais grupos das xestións que se realicen na mancomunidade o que lle responde o Sr. Español Otero que así será.

Sometida a votación a proposta, esta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo González, Vicente Baz e Rodríguez González (sete votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: NINGÚN

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Ortega Martinez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez e Iglesias Ferreira (nove abstencións).

O sr. Rodriguez Fariñas non vota aínda que a efectos do reconto asimílase a unha abstención.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 9.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NOS CONSELLOS ESCOLARES.

O Sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta:

Pola presente, propoño o Pleno da Corporación o nomeamento dos seguintes concelleiros e concelleiras, como representantes da Corporación nos consellos escolares dos colexios públicos e do Instituto da Guarda:

*IES A Sangriña : D^a. Teresa Vicente Baz.
CEIP A Sangriña: D. Manuel Javier Crespo González.
CEIP M.R. Sinde: D. Miguel A. Español Otero.
CEIP Solanas: Dna. Elena Baz Rodríguez.
Escola da Gándara: D. Paulino Rodríguez González.
Conservatorio: Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.*

*En A Guarda, a 19 de xuño 2015.
O ALCALDE,*

Asdo. Antonio Lomba Baz

NON HAI INTERVENCIÓNS:

Sometida a votación a proposta, esta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo González, Vicente Baz e Rodríguez González (sete votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: NINGÚN

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Ortega Martinez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez e Iglesias Ferreira (nove abstencións).

O sr. Rodriguez Fariñas non vota aínda que a efectos do reconto asimílese a unha abstención.

PUNTO 10.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE NA CRUZ ROJA BAIXO MIÑO

O sr. Alcalde da lectura a seguinte proposta:

VISTO o escrito recibido no Concello con data 16 de xuño de 2015 (RE 3.900) da Presidenta Comarcal da Cruz Roja en Baixo Miño, para proceder á designación dun representante do Concello de A Guarda no Comité Comarcal, propónse ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

1.- Nomear como representante do Concello de A Guarda no Comité Comarcal da Cruz Roja en Baixo Miño á concelleira dona Teresa Vicente Baz.

2.- Remitir o presente acordo ó Comité Comarcal da Cruz Roja en Baixo Miño.

A Guarda , 19 de xuño de 2015
O Alcalde

Asdo.: Antonio Lomba Baz

NON HAI INTERVENCIONS.

Sometida a votación a proposta, esta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo González, Vicente Baz e Rodríguez González (sete votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: NINGÚN

ABSTENCIONS: Sres/as. Ortega Martinez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán, Alonso Alvarez, Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez e Iglesias Ferreira (nove abstencións).

O sr. Rodriguez Fariñas non vota aínda que a efectos do recuento asimílese a unha abstención.

PUNTO 11.- PROPOSTA DE ALCALDIA DE ASIGNACIÓN A GRUPOS POLÍTICOS

O sr. Alcalde da lectura da seguinte proposta:

De conformidade co establecido no Art. 73.3 da Lei 11/1999 , de 21 de abril , de modificación da Lei 7/85, de 2 de abril Reguladoras das Bases de Réxime Local, o Pleno da Corporación, poderá asignarse ós grupos políticos unha dotación económica, que deberá contar cunha contía fixa e idéntica para tódolos grupos, e outra variable, en función do número de membros de cada un deles, sen que poidan destinarse ó pago de remuneracións de persoal de calquera tipo ó servizo da Corporación ou á adquisición de bens que poidan constituir activos fixos de carácter patrimonial. Asimesmo, os grupos políticos deberán levar unha contabilidade específica da devandita dotación, que poñerán a disposición do Pleno da Corporación sempre que éste o pida.

Por todo o antedito, propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

Asignar a cada un dos grupos políticos con representación na Corporación unha cantidade fixa mensual para cada un deles de 150,00 Euros, (cento cincuenta euros) e 50 euros (cincuenta euros) por cada concelleiro do grupo respectivo.

*En A Guarda, a 19 de xuño 2015.
O ALCALDE,*

Asdo. Antonio Lomba Baz

ABRESE O DEBATE:

A sra. Iglesias Ferreira di que continua a suma de diñeiro. Vai votar en contra por non se considera representada no Grupo Mixto e porque supón outro incremento dos gastos.

Sometida a votación a proposta, esta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Lomba Baz, Magallanes Alvarez, Español Otero, Baz Rodriguez, Crespo González, Vicente Baz e Rodríguez González (sete votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres. Baz Vicente, Lomba Alonso, Martinez Vazquez Rodríguez Fariñas e Iglesias Ferreira (cinco votos en contra)

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Ortega Martinez, Castro Martinez, Alvarez Carrero, Acevedo Rolán e Alonso Alvarez (cinco abstencións).

PUNTO 12.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN MATERIA DE NOMEAMENTO DE TENIENTES DE ALCALDE , CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN DE GOBERNO E NOMEAMENTO DOS MEMBROS DA MESMA.

O sr. Alcalde da conta da seguinte Resolución da Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 432/2015

Vistos os Art. 20.1b) e 23.3. da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, e Art. 59.2 b) e 62.1 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia, esta Alcaldía en uso das atribucións que lle confire o art. 23.3. da Lei 7/85 e de conformidade co establecido no Art. 46, 52 e 53 do ROF,

RESOLVO:

PRIMEIRO: *Constituí-la Xunta de Goberno Local do Concello de A Guarda, que estará formada baixo a Presidencia da Alcaldía, polos seguintes concelleiros:*

Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.

D. Miguel Ángel Español Otero

D. Teresa Vicente Baz.

D. Don Manuel Javier Crespo González

D. Paulino Rodríguez González



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

A Xunta de Goberno Local reunirse, en sesión ordinaria, quincenalmente, ós xoves ás doce horas (12.00 hrs.), se o día sinalado fose inhábil a sesión ordinaria celebrarase o día seguinte habil e a mesma hora.

SEGUNDO: Nomear Tenentes de Alcalde do Concello de A Guarda os seguintes concelleiros membros da Xunta de Goberno Local, os que substituirán o Alcalde na totalidade das súas atribucións e pola orde que se establece nos casos de ausencia, enfermidade ou outro impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións:

1º.- D. Miguel Ángel Español Otero

2º.- Dña. Montserrat Magallanes Álvarez.

TERCEIRO: A Xunta de Goberno Local asumirá as funcións de asistencia e asesoramento a esta Alcaldía que lle atribúen directamente os artigos 23.2 da LRBRL e 53.1 do ROF, así como as que lle atribúan directamente as leis, y por delegación desta Alcaldía asumirá as seguintes competencias:

- outorgamento de licenzas urbanísticas, salvo que as leis sectoriais as atribúan expresamente ao Pleno.
- Solicitude de todo tipo de axudas e subvencións .

Esta Alcaldía se reserva a posibilidade de avocar en calquera momento as competencias delegadas, conforme ao establecido nos artigos 116 do ROF, en relación có artigo 14 da Lei 30/1992, de 26 de novembro. O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 114 a 118 do ROF.

CUARTO: Notificar o presente Decreto aos Concelleiros afectados, o cal xurdirá efectos dende o día seguinte da súa firma, sen prexuízo da súa publicación no BOP.

QUINTO: Dar conta do presente Decreto ao Pleno do Concello na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do disposto no artigo 38 del ROF, a efectos de que quede enterado do seu contido.

A Guarda, 2 de xullo de 2015.

O Alcalde

Asdo.: Antonio Lomba Baz

A sra. Iglesias Ferreira intervén para sinalar que tamén a Xunta de Goberno Local vai supoñer mais custe para o Concello.

O pleno da Corporación dase por enterado.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)

PUNTO 13.- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA EN MATERIA DE DELEGACIÓNS.

O sr. Alcalde da lectura da seguinte Resolución da Alcaldía .

DECRETO 0434/2015

Vistos os Art. 20.1b) e 23.3. da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local, e Art. 59.2 b) e 62.1 da Lei 5/97, de Administración Local de Galicia, esta Alcaldía en uso das atribucións que lle confire o art. 23.3. da Lei 7/85 e de conformidade co establecido no Art. 46, 52 e 53 do ROF,
RESOLVO:

PRIMEIRO: Nomear Concelleiros Delegados das áreas que a continuación se relacionan:

- *Turismo, Facenda, Desenvolvemento económico (Comercio, Industria e Pesca) e Persoal: Dona Montserrat Magallanes Álvarez.*
- *Vías e Obras; Emerxencias (GES e Protección Civil); seguimento de proxectos: Don Miguel Ángel Español Otero.*
- *Servizos, Tráfico e Medio Ambiente: Don Paulino Rodríguez González.*
- *Servicios Sociais, Sanidade e Iguladade: Dona M^a Teresa Vicente Baz.*
- *Cultura, Educación e Xuventude: Dona Elena Baz Rodríguez*
- *Patrimonio, Deporte e Formación e Emprego: Don Manuel Javier Crespo González.*

A Alcaldía mantén as competencias nas áreas de Urbanismo e Novas Tecnoloxías.

SEGUNDO: *Notificar o presente Decreto aos Concelleiros afectados, o cal xurdirá efectos dende o día seguinte da súa firma, sen prexuízo da súa publicación no BOP*

TERCEIRO: *Dar conta do presente Decreto ao Pleno do Concello na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do disposto no artigo 38 del ROF, a efectos de que quede enterado do seu contido.*

*A Guarda, 2 de xullo de 2015.
O Alcalde*

Asdo.: Antonio Lomba Baz

A sra. Ortega Martinez quere sinalar que considera que as competencias de emprego debería ser asumida pola concelleira de economía.

O pleno da corporación dase por enterado.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as dez horas e corenta minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretario, dou fe.